

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11428** *Real decreto 921/2010, do 16 de xullo, polo que se modifica o Estatuto do Real Padroado sobre Discapacidade aprobado polo Real decreto 946/2001, do 3 de agosto, para regular o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.*

O Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española foi creado pola Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

Conforme a súa lei de creación, o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española ten como finalidade investigar, fomentar e difundir a lingua de signos española, así como velar polo seu bo uso, observada a transversalidade nas políticas e liñas de acción en calquera dos ámbitos de actuación pública.

Para que este centro poida alcanzar estes fins, dispón a súa lei de creación que contará con profesionais expertos en lingua de signos española e en sociolingüística, e que desenvolverá as súas accións mantendo consultas e establecendo convenios coas universidades e as entidades representativas das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e das súas familias.

Outra destacada previsión da lei é que o Centro quede integrado no Real Padroado sobre Discapacidade, co cal se consegue non só unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos, senón tamén, e isto é o máis relevante, manter unha concepción unitaria e integrada das políticas e accións de apoio ás persoas con discapacidade, no marco da acreditada traxectoria e experiencia do Real Padroado nesta materia.

Finalmente, dispón a súa lei de creación que o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española estará rexido por un órgano colexiado de carácter paritario entre representantes da Administración do Estado e entidades representativas do movemento asociativo da comunidade lingüística das persoas usuarias da lingua de signos española e que, ademais, contará cunha presidencia e unha secretaría cuxos titulares serán representantes da Administración do Estado.

En desenvolvemento destas previsións legais corresponde ao Goberno, oído o Consello Nacional da Discapacidade, regular o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española e constituír o seu Consello Reitor, e a isto atende este real decreto.

Na súa virtude, por iniciativa da ministra de Sanidade e Política Social, por proposta conxunta das ministras da Presidencia e de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xullo de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Estatuto do Real Padroado sobre Discapacidade aprobado polo Real decreto 946/2001, do 3 de agosto.*

Engádesse un novo artigo no Estatuto do Real Padroado sobre Discapacidade, aprobado polo Real decreto 946/2001, do 3 de agosto, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 16. *Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.*

O Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española, creado pola Lei 27/2007, do 23 de outubro, constitúese nun centro asesor e de referencia

en lingua de signos española que se integra no Real Padroado sobre Discapacidade e observará no seu funcionamento as seguintes regras:

1. O Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española ten como fins xerais investigar e velar polo bo uso da lingua de signos española e terá as seguintes funcións específicas no ámbito das actuacións do Real Padroado sobre Discapacidade:

- a) Constituírse como observatorio da lingua de signos española.
- b) Difundir e promover o uso da lingua de signos española, establecendo a normalización do seu uso.
- c) Realizar investigacións en materias relacionadas coa lingua de signos española.
- d) Contribuír á planificación e coordinación de plans de formación e docencia e das investigacións realizadas respecto da lingua de signos española.
- e) Colaborar coas asociacións e entidades cuxa actividade estea relacionada coa interpretación en lingua de signos española.
- f) Participar en cantas actividades o Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española considere necesarias para difundir e dar a coñecer o uso da lingua de signos española.
- g) Elaborar informes relacionados co uso e utilización da lingua de signos española
- h) Promover e fomentar iniciativas en materia de interpretación en lingua de signos española.
- i) Participar nos foros de consulta vinculados coas linguas de signos e a discapacidade.
- j) Propor ao Consello do Real Padroado sobre Discapacidade, para a súa aprobación, a estratexia, os programas de actuación e os plans xerais de actividades do Real Padroado en materia de lingua de signos española, cuxo desenvolvemento e execución corresponderá ao Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.
- k) Realizar unha memoria anual das súas actividades, que elevará ao Consello do Real Padroado sobre Discapacidade para a súa aprobación.

2. O Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española estará rexido por un Consello Reitor integrado por:

- a) A presidencia do Consello Reitor, que será exercida pola persoa titular da Dirección Técnica do Real Padroado sobre Discapacidade, a quen tamén corresponde a representación ordinaria do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española.
- b) Tres vogalías nomeadas pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social, por proposta das entidades representativas do movemento asociativo da comunidade lingüística das persoas usuarias da lingua de signos española.
- c) Tres vogalías en representación da Administración xeral do Estado nomeadas pola persoa titular do Ministerio de Sanidade e Política Social: dúas por proposta da persoa titular da Secretaría Xeral do Real Padroado sobre Discapacidade e a terceira por proposta da persoa titular do Ministerio de Educación.
- d) A secretaría, que asistirá ás sesións con voz pero sen voto e será exercida pola persoa que designe a persoa titular da Presidencia do Consello Reitor do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española entre o persoal destinado no Real Padroado sobre Discapacidade.

3. O Consello Reitor do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española, como órgano colexiado, rexeráse polas normas aplicables da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O nomeamento das persoas titulares das vogalías do Consello Reitor non estará suxeito a prazo e poden ser removidas libremente pola persoa que as nomeou. As persoas que conforman o Consello Reitor non percibirán remuneración polo desempeño do seu cargo, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo que lles puideren corresponder conforme a normativa vixente.

5. Para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das funcións do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española e a súa adecuada xestión, o Real Padroado sobre Discapacidade poderá celebrar convenios con organismos públicos de investigación, universidades e coas entidades representativas das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, e das súas familias, nos termos establecidos pola lexislación vixente. Igualmente, e consonte os seus programas de actuación, poderá establecer colaboracións e acordos con organismos públicos de investigación e outras entidades públicas e privadas. Corresponderá en todo caso ao Consello Reitor do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española propor aos órganos directivos do Real Padroado a celebración dos convenios, valorando a súa necesidade e idoneidade.

6. Corresponde ao organismo autónomo Real Padroado sobre Discapacidade a provisión dos medios humanos e materiais necesarios para o funcionamento do Centro de Normalización Lingüística da Lingua de Signos Española, e atenderase especialmente a que poida contar coa colaboración de profesionais expertos en lingua de signos española e en sociolingüística.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xullo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ